

MEMORIA DE ACTIVIDADES NO 2006

A FUNDACION NOVAS afrontou en 2006 o seu decimoterceiro ano de andaina cos obxectivos de facilitar axudas académicas ós estudantes universitarios e proporcionar apoio económico para o desenvolvemento cultural e educativo da parroquia de Beluso, no concello pontevedrés de Bueu, cumprindo cos fins recollidos nos estatutos fundacionais da nosa entidade benéfico-docente.

O Presidente do Padroado da FUNDACIÓN NOVAS, D. Jesús Portela Medraño, cumprindo un acordo do resto dos integrantes da directiva da nosa entidade, recolleu diversas propostas para invertir o capital da Fundación e poder obter un maior rendemento para así poder adicar os cartos aos fins establecidos nos nosos Estatutos. Tras analizar, previa consulta coa asesoría xurídica e financeira coa que traballamos, as distintas opcións tomouse a decisión de elixir a oferta prantexada pola entidade Baninver, S.A., Sociedad Gestora de Carteras, radicada en Vigo, para xestionar o noso capital no prazo dun ano. Unha vez realizadas as oportunas xestións e formalizados os documentos, o presidente dou conta ao Padroado.

A decisión do Padreado sobre a xestión do noso capital veu a aliviar a situación económica da nosa entidade, toda vez que nos anos precedentes os rendimentos do capital non aportaban cantidades suficientes para poder afrontar doacións que distintas entidades e colectivos pedían a este Padreado para obter axudas. Coa nova xestión do capital, a FUNDACIÓN NOVAS pudo afrontar máis proxectos.

O Padreado da Fundación tomou o acordo de seguir concedendo unha axuda de 300 euros ao Colexio Público de Beluso. Esta axuda adícase á organización e financiación, xunto con outras entidades sociais e culturais, da Semana Cultural de San José, que todo-los anos ven de realizarse neste Colexio, cun salientable éxito de participación.

Como xa ocorrira o pasado ano, o Padreado da Fundación tomou o acordo de conceder unha axuda á Asociación Moz@s de Beluso, para colaborar no patrocinio do Festival A Noite do Trasnó, acontecemento lúdico e musical que se celebrou no mes de agosto na vila, de Bueu, debido ás malas condicións

climatolóxicas para facelo no espacio natural de Cabo Udra, na parroquia de Beluso. A proposta do presidente da fundación, o Padroado acorda conceder unha axuda de 600 euros a esta entidade asociativa.

O Padroado da Fundación tomou o acordo de doar dous ordenadores á Biblioteca Pública de Beluso. Estes dous ordenadoras uniríanse así aos que a nosa entidade regalou anos atrás. Tanto dende o Concello de Bueu, na persoa da concelleira de Cultura, Dña. Alicia Fiel, como da responsable da Biblioteca e do bibliotecario xeje de Bueu, deixouse constancia do agradecemento por esta doación, un agasallo moi desexado por todos e moi demandado polos usuarios da biblioteca. Dende o Padroado tamén se lles recordou que estábese á espera das xestións encamiñadas a facerse cargo da conexión a rede Internet por parte da biblioteca de Beluso, para poder ofrecer este servizo aos usuarios do centro. A concelleira Alicia Fiel prometeu axilizar as xestións para dotar deste servizo tecnolóxico e informática á biblioteca da Casa do Pobo de Beluso. No mes de decembro, o presidente da Fundación Novas fixo entrega dos dous ordenadores á biblioteca, nun acto ao que asistiron a alcaldesa Dña. Elena Estévez, e a concelleira Alicia Fiel.

PADROADO DA FUNDACIÓN

O Padroado da Fundación Novas non rexistrou ningún cambio na súa composición ó longo do pasado exercicio e segue a estar formado polas seguintes persoas:

Presidente: D. Jesús Portela Medraño

Vicepresidente: D. Francisco León Gómez

Tesoreiro: D. Manuel Novas Rey

Secretario: D. José Otero Baena

Vocal: Dña. María Luisa Reboiras Heras

Esta é a Memoria Social de Actividades do ano 2006 da Fundación que presido.

D. JESUS PORTELA MEDRAÑO

Presidente do Padroado

